Dirección Xeral de Formación Profesional

Admisión Formación Profesional 2026-2027 - Dual intensiva

Instrucións xerais

Índice

1 Prazo de presentación de solicitudes....3
2 Presentación de solicitudes de admisión....3
3 Documentación....3
4 Requisitos de acceso....4
5 Consulta de información do proceso de admisión....4
6 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións....4
7 Resolución definitiva de solicitudes....4
8 Período de selección do alumnado....4
9 Relación de persoas seleccionadas e matrícula....5
10 Liberación de prazas....5
11 Remate do procedemento de admisión e matrícula....5
12 Número mínimo de solicitudes de matrícula....5
13 Acceso de persoas con titulacións obtidas fóra do estado español....5

1 Prazo de presentación de solicitudes

O **prazo de presentación de solicitudes de admisión** para o acceso a FP dual intensiva para o curso 2026-2027 será do **15 de xuño ás 9:00 horas ata o 30 de xuño ás 13:00 horas**.

2 Presentación de solicitudes de admisión

Para presentar a solicitude de admisión para ciclos formativos de FP dual intensiva hai que ter en conta o seguinte:

- Unicamente poderá presentar a solicitude quen cumpra os requisitos de acceso no momento da presentación da solicitude de admisión.
- As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os proxectos de formación profesional dual intensiva tamén poderán realizar a solicitude de admisión a outras ofertas de formación profesional.
- Serán excluídas dos procesos de admisión a FP dual intensiva as solicitudes das persoas matriculadas en ESO, bacharelato ou FP (incluída a FCT), agás o establecido para as solicitudes de matrícula simultánea.
- Tamén serán excluídas dos procesos de admisión a outras ofertas de formación profesional as solicitudes das persoas nalgunha das seguintes circunstancias:
  - Admitidas (seleccionadas) nun proxecto de FP dual intensiva ou en Formación acelerada.
  - Admitidas en cursos de especialización de formación profesional.
- As persoas non admitidas en ningún proxecto de FP dual intensiva continuarán no proceso de admisión a ciclos formativos.

Deberase cubrir **unha solicitude para un único proxecto de FP dual intensiva**, utilizando o asistente informático que estará dispoñible en www.edu.xunta.gal/fp.

3 Documentación

O artigo 4 da Orde do 14 de xuño de 2018 establece a documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- DNI ou NIE. No caso de non dispor del, copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea.
- No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica na que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo: https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae (só no caso de solicitudes para proxectos de FP dual intensiva).

4 Requisitos de acceso

- Ter dezaoito anos ou facelos no ano natural no que comece o ciclo formativo.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe (actualmente contrato de formación en alternancia establecido no Real decreto lei 32/2021), e cumprir os requisitos na normativa laboral vixente para poder formalizalo.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.
- O alumnado que teña dezaseis anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso, poderase matricular nos proxectos de formación profesional dual intensiva nos que, logo de rematado o período ordinario de matriculación no proceso de admisión a estas ensinanzas, queden prazas vacantes e, por tanto, non exista listaxe de espera.

5 Consulta de información do proceso de admisión

Toda a información do proceso de admisión a FP dual intensiva estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp. Para a consulta da situación individual pódese usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital.

Nas datas establecidas, poderase consultar a situación individual das resolucións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión.

6 Resolución provisional de solicitudes e reclamacións

O día **2 de xullo** poderase consultar a información da resolución provisional de solicitudes para cada proxecto de FP dual intensiva.

Establécese un **prazo de reclamacións** desde **o día 2 de xullo ás 9:00 horas ao 6 de xullo ás 13:00 horas.**

7 Resolución definitiva de solicitudes

O día **9 de xullo** poderase consultar a información da resolución definitiva de solicitudes para cada proxecto de FP dual intensiva.

8 Período de selección do alumnado

Os centros e as entidades colaboradoras realizarán as entrevistas e a selección de persoal para o proxecto de FP dual intensiva desde o día **2 de xullo ao 8 de xullo ás 12:00 horas**.

Os centros terán de prazo **ata** o día **8 de xullo ás 12:00 horas** para cargar na aplicación informática ás persoas seleccionadas.

As persoas admitidas (seleccionadas) para un proxecto de FP dual intensiva quedarán excluídas do proceso de admisión a outras ofertas de ciclos formativos, formación acelerada e cursos de especialización. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún proxecto de FP dual intensiva poderán continuar nos outros procesos de admisión a ciclos formativos, formación acelerada e a cursos de especialización.

9 Relación de persoas seleccionadas e matrícula

O día **9 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a relación de persoas admitidas e en espera en cada proxecto de FP dual intensiva. As persoas admitidas deberanse matricular no prazo abranguido desde o día **9 de xullo ás 9:00 horas ao 15 de xullo ás 13:00 horas**. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

10 Liberación de prazas

A Dirección Xeral de Formación Profesional poderá liberar as prazas vacantes dos ciclos formativos con proxectos de FP dual intensiva ata o **25 de setembro ás 13:00 horas** para alumnado que, ademais de acreditar o cumprimento dos requisitos de acceso, supere o proceso de selección establecido pola entidade colaboradora e o centro educativo.

O alumnado que teña dezaseis anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso, poderase matricular nos proxectos de Formación profesional dual intensiva como se dispón no apartado catro deste documento.

A relación dos ciclos formativos coa condición de liberados e o número de prazas dispoñibles en cada un deles poderase consultar na páxina web de formación profesional.

11 Remate do procedemento de admisión e matrícula

O período de matrícula para as persoas seleccionadas abrangue desde o **9 de xullo ás 9:00 horas ao 15 de xullo ás 13:00 horas.** O proceso de matrícula rematará en todo caso o día **25 de setembro** e a partir desta data, non se formalizará ningunha matrícula sen a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional. Esta autorización realizarase por medio da aplicación informática que xestiona a admisión.

12 Número mínimo de solicitudes de matrícula

A autorización destas ensinanzas quedará condicionada á existencia dun número mínimo de solicitudes de matrícula consonte ao establecido na orde pola que se actualiza a oferta de formación profesional para o curso académico 2026-2027. Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional para pór en funcionamento esta ensinanza, e mentres non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar ningunha matrícula. A condición do número mínimo de alumnado débeselles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa solicitude de admisión.

13 Acceso de persoas con titulacións obtidas fóra do estado español

No caso das solicitudes para o acceso a ciclos formativos nas que se aleguen titulacións obtidas fóra do Estado español é moi importante que os datos persoais e académicos da credencial de homologación ou da declaración responsable para inscrición condicionada se correspondan cos da solicitude de admisión.

No espazo habilitado na aplicación (despois de marcar a entrega da solicitude e acceder á fiestra de validación) para cargar especificamente a documentación de estudos estranxeiros deberase achegar:

- No caso de dispor de **homologación** do título estranxeiro:

- Documento oficial de identidade (DOI).
- Homologación do título.

- No caso de **non** dispor da **homologación** do título estranxeiro:
  - Documento oficial de identidade.
  - Solicitude de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanzas non universitarias (anexo I da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
  - Declaración responsable para inscrición condicionada en centro docente e/ou exame oficial (anexo III da Orde reguladora do procedemento de homologación) co selo de rexistro de entrada.
  - Resgardo de pagamento da taxa de solicitude de homologación (excepto para o título de graduado en ESO).

Nos casos nos que a identidade coa que se obtivo a credencial de homologación ou a declaración responsable para inscrición condicionada sexan diferentes aos do DOI que se entrega coa solicitude de admisión, será necesario achegar certificado do Rexistro Civil ou da Policía onde se acredite que se trata da mesma persoa.

As persoas procedentes de países non comunitarios para poder participar en proxectos de FP dual intensiva deben contar con permiso de residencia e permiso de traballo no momento de incorporarse á empresa.